

Título: **Alicia**

O exemplo da infinita sabedoría, de quen se graduou na universidade da vida sen case saber ler. A voz interior que sempre advirte de que a caída é inminente dende que un está no chan. O colo afable, arroupador, exento de reprimendas, cunha calidez que nin a máis quente das colchas tecidas por esas mans. A picaresca de saber gañar aínda unha partida de cartas, mais iso si, sen apostas succulentas de por medio. A viva imaxe da alegría, do desfrute do día a día, sen importar o tempo atmosférico pero sí o tempo en compañía. O valor da saída do sol cada mañá, a sucesión das estacións, os cambios nos animais, o froito recollido da leira sementada polas mesmas mans ásperas que fan agarimos con delicadeza, ásperos trazos de mans sobre a miña faciana. Grazas avoa por ser o recordo máis prezado da miña limitada memoria.